



En Ourense a de de

REUNIDOS

DUNHA PARTE, D. JOSE MANUEL ESTÉVEZ FEIJOO, maior de idade con D.N.I. nº 34601516V, actuando na súa condición de presidente, e en representación da FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, con CIF G32023210, e domicilio na Rúa Carlos Maside s/n, Ourense

DOUTRA PARTE D./D^a, , maior de idade, con DNI. Nº , actuando na súa condición de presidente/a e en representación do CLUB, con CIF

domicilio

Correo Electrónico , a efectos de notificación.

Os/as comparecentes declaran a vixencia e suficiencia dos seus apoderamentos e recoñécense na plena capacidade e facultade en Dereito para outorgar o presente convenio nas respectivas representacións que ostentan, polo que:

EXPOÑEN

PRIMEIRO: O club solicitou a oficialidade e, polo tanto, a incorporación no calendario oficial da FGX do torneo que se desenvolverá no pavillón nas datas

SEGUNDO: A FGX, dentro das súas competencias, tal como recollen os seus regulamentos Capítulo II, artigos 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71 do Regulamento de Competición vixente na actualidade e demais normativas federativas, concédelle a oficialidade do torneo solicitado.

En consecuencia, os comparecentes, na representación que ostentan, subscriben o presente convenio para a OFICIALIDADE DO TORNEO QUE SE CITA, libre e espontaneamente, en base as seguintes

ACORDAN

PRIMEIRA: Obxecto do convenio

A FGX comprométese a conceder a oficialidade do torneo en base ao capítulo VIII- Capítulo II,



artigos 65 66, 67, 68, 69, 70, 71 do Regulamento de Competición vixente na actualidade e demais normativas federativas.

A federación de oficio ou a petición do organizador nomeará os/as xuíces/zas.

O club comprométese a cumprir todas e cada una das normas que no citado capítulo se reflecten, e polo tanto

SEGUNDA: O club obrígase a facer fronte a:

1. A realizar a solicitude nos prazo fixados para tal fin.
2. A ter seguro de responsabilidade civil, segundo demanda a Lei do Deporte Galicia e estar dado de alta na Axencia Española de Protección de Datos de acordo a Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, BOE nº 294 de 6 de decembro de 2018 e ter asinadoo contrato de provedor coa FGX.
3. A que as normativas se adecúen ás propias da F.G.X., R.F.E.G. e F.I.G., sen modificacións posteriores
4. A que a competición estea aberta a todos os clubs inscritos no rexistro federativo sen ningún tipo de restrición, mais que as propias da competición por cuestións de tempoe horarios. O club/asociación organizador/a poderá invitar a calquera outro/s de fóra de Galicia que desexe, pero sempre coas mesmas restricións que para os clubs galegos.
5. Comprometerase a respectar estritamente a orde de chegada das inscricións en caso de límite nas mesmas. Deberán presentar asemade perante a FGX, rexistro de entrada nas mesmas xustificando dita orde.
6. Comprometerase a comprobar a que todos/as os/as participantes deberán de ter licenza federativa en vigor, no caso de ximnastas de fóra de España, ademais deberánde vir acompañadas dunha certificación da compañía de seguro súa cobertura internacional do mesmo. Se esta cobertura non fose así deberá de contratar un seguro de accidentes privado para tal fin .
7. A enviar copia das inscricións á Federación 15 días antes da celebración da competición para así poder comprobar que o punto anterior se cumpre.
8. A enviar copia das actas asinadas polos/as xuíces/zas, para incorporalas ao rexistro de resultados das competicións da federación.
9. A responsabilidade da organización do evento corresponde ao club ou escola organizadora. A F.G.X. poderá participar como asesora, previa petición, nunca de xeito activo no desenvolvemento da propia competición.



11. A conseguir as salas e aparellos, dentro das súas posibilidades, mais adecuados para o desenvolvemento da actividade e realizar a súa instalación. (As salas destinadas a Ximnasia Rítmica deberán, na medida do posible, ter unha altura mínima de 8 metros e prever ademais unha zona de control de aparellos). Asemade deberá dispoñer do persoal auxiliar e técnico necesario para a boa marcha da competición.
12. A por, na medida do posible, un médico oficial, ou, polo menos, unha ambulancia, sobre todo en disciplinas como a ximnasia acrobática, trampolín e ximnasia artística, a disposición da competición.
13. Deberá de pórse en contacto cos/coas xuíces/zas para así concretar os termos da súa actuación, (compensación económica, dietas, quilometraxe etc.), custo total da competición, instalación, material, xuíces, trofeos... etc. correrá a cargo do club/escola organizador/a. En ningún caso a Federación emitirá ou pagará facturas e/ou recibos ocasionados polo desenvolvemento da citada competición.
14. En período COVID, ademais das anteriores deberán de nomear un/unha responsable covid da competición.
15. Serán funcións deste/a responsable covid:
 - I. Velar que o desenvolvemento do evento cumpra todas as normativas do protocolo Covid19 da Federación, así como, a Normativa covid dos Torneos Oficializados, vixentes neste intre, que se facilitará no momento da sinatura do presente convenio.
 - II. Manter contacto coa FGX, desde o feito da sinatura ata a celebración do torneo, por si houberen modificacións nas mesmas.
 - III. Recoller, archivar e gardar, ata 30 días despois de celebrado, todos aqueles anexos, certificados precisos e solicitados aos/ás participantes.
 - IV. Calquera outra que veña explícitas nas normas COVID19 federativas

RESPONSABLE COVID D^{o/a}:

Tfno:

Correo Electrónico:

TERCEIRA.- Prazo

O prazo de duración do presente convenio abrangue a duración da parte competitiva do torneo, nunca para calquera outra actividade que se desenvolva a carón del.



CUARTA.- Exclusión

En todo caso calquera incumprimento do fixado neste convenio e no capítulo VIII nos Regulamento de Competición e demais normativa federativa suporá a rescisión da oficialidade.

QUINTA.- Foro e cláusula Arbitral

Para resolver calquera diferenza na interpretación e aplicación deste convenio, as partes sométense voluntariamente á Sección Provincial de Mediación e Arbitraje de Ourense., rúa Concello 4 Baixo. Este convenio poderá ser elevado a público a petición de calquera das partes. Os gastos deste trámite serán por conta da parte solicitante.

O Presidente da FGX

O/A Presidente/a do Club

Asdo: José Manuel Estévez Feijoo

Asdo: